

## A implantación dos novos itinerarios está cofinanciada co Fondo Social Europeo (FSE)

A achega do FSE recóllese no eixo 3 do Programa Plurirrexional de Emprego, Formación e Educación do período de programación 2014-2020, xestionado polo Ministerio de Educación Cultura e Deporte. En 3º da ESO cofináncianse as materias: Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas e Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas. En 4º da ESO cofináncianse: Matemáticas, Ciencias aplicadas á actividade profesional, Tecnoloxía, Iniciación á actividade emprendedora e empresarial, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía, Latín e Economía.

### Información e publicidade

Ao comezo de cada curso escolar, os centros docentes informarán a todo o alumnado sobre a contribución dos fondos estruturais da Unión Europea á implantación destes novos itinerarios educativos, así como á prevención do abandono escolar temperán e ao fomento da igualdade de acceso a unha educación de calidade.

En concreto, informarase ao alumnado da cofinanciación, cun 80% do gasto, a través do Fondo Social Europeo. Tamén se informará ao profesorado que imparta estas ensinanzas.

Nos espazos físicos nos que se imparta a citada formación e na documentación relacionada con estas ensinanzas deberá aparecer o logotipo do FSE coa lenda “O FSE inviste no teu futuro”.

### Máis información:

Nas páxinas web: <http://www.edu.xunta.es/portal/guiadalomce> e [www.edu.xunta.es/portal/fse-eso](http://www.edu.xunta.es/portal/fse-eso)

Na Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado

Teléfono: 981 546 507

Correo electrónico: [xsoie@edu.xunta.es](mailto:xsoie@edu.xunta.es)

Departamentos de orientación dos centros educativos.

Griffith, S.L. - D.L. C.69/2016

## Novos itinerarios en 3º e 4º da ESO nos cursos 2015/16 e 2016/17

Coñece as novidades na ESO



galicia



XUNTA DE GALICIA

A ESO abrangue catro cursos escolares repartidos en dous ciclos: o primeiro ciclo comprende tres cursos escolares (1º, 2º e 3º) e o segundo, unicamente o cuarto curso.

As materias dos diferentes cursos divídense en tres categorías: troncais, específicas e materias de libre configuración.

Unha das principais novidades desta etapa educativa é que existen dous itinerarios en 4º da ESO, no que o alumnado terá que elixir unha opción ou outra en función de se desexa proseguir ensinanzas de bacharelato ou de formación profesional.

## Estrutura en 3º da ESO

O alumnado deberá decidir de entre as materias troncais de opción que tipo de Matemáticas elixe:

- Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas.
- Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas.


TRONCAIS XERAIS	TRONCAIS DE OPCIÓN (ELIXIR 1)
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lingua Castelá e Literatura</li> <li>• Primeira Lingua Estranxeira</li> <li>• Xeografía e Historia</li> <li>• Bioloxía e Xeoloxía</li> <li>• Física e Química</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas</b></li> <li>• <b>Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas</b></li> </ul>
ESPECÍFICAS	DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Educación Física</li> <li>• Relixión ou Valores Éticos (elixir 1)</li> <li>• Educación Plástica, Visual e Audiovisual</li> <li>• Música</li> <li>• Tecnoloxía</li> <li>• Segunda Lingua Estranxeira ou Cultura Clásica (elixir 1)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lingua Galega e Literatura</li> </ul>

## Itinerarios de 4º da ESO

Neste curso os itinerarios educativos ofertan máis materias para elixir, pero o alumnado deberá optar por escoller o itinerario das ensinanzas académicas ou, pola contra, elixir a opción das ensinanzas aplicadas.

O número de sesións lectivas semanais de cada unha das materias da educación secundaria obrigatoria é o que figura no anexo IV do Decreto 86/2015, do 25 de xuño (DOG do 29/06/2015).

### 1. Opción de ensinanzas académicas:

ENSINANZAS ACADÉMICAS	
TRONCAIS XERAIS	TRONCAIS DE OPCIÓN (ELIXIR 2)
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lingua Castelá e Literatura</li> <li>• Primeira Lingua Estranxeira</li> <li>• Xeografía e Historia</li> <li>• <b>Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Bioloxía e Xeoloxía</b></li> <li>• <b>Física e Química</b></li> <li>• <b>Economía</b></li> <li>• <b>Latín</b></li> </ul>
ESPECÍFICAS	DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA
<p><b>Obrigatorias</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Educación Física</li> <li>• Relixión ou Valores Éticos (elixir 1)</li> </ul> <p><b>Elixir dúas das seguintes:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes Escénicas e Danza</li> <li>• Cultura Científica</li> <li>• Cultura Clásica</li> <li>• Educación Plástica, Visual e Audiovisual</li> <li>• Filosofía</li> <li>• Música</li> <li>• Segunda Lingua Estranxeira</li> <li>• Tecnoloxías da Información e a Comunicación</li> <li>• Unha materia das troncais de opción non elixida</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lingua Galega e Literatura</li> </ul> 

### 2. Opción de ensinanzas aplicadas:

ENSINANZAS APLICADAS	
TRONCAIS XERAIS	TRONCAIS DE OPCIÓN (ELIXIR 2)
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lingua Castelá e Literatura</li> <li>• Primeira Lingua Estranxeira</li> <li>• Xeografía e Historia</li> <li>• <b>Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Ciencias aplicadas á actividade profesional</b></li> <li>• <b>Iniciación á actividade emprendedora e empresarial</b></li> <li>• <b>Tecnoloxía</b></li> </ul>
ESPECÍFICAS	DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA
<p>A mesma configuración e materias que na opción de ensinanzas académicas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lingua Galega e Literatura</li> </ul>